

CONCURSO DE SOBREMESAS DE OUTONO 2017

QUEN PODE PARTICIPAR?

Calquera membro da comunidade educativa do CIFP Ánxel Casal do curso 2017/2018.

COMO INSCRIBIRSE?

As persoas interesadas deberán encher unha folla de inscrición que hai na conserxería e depositala na caixa habilitada no mesmo lugar. O período límite para inscribirse é ata as 20 horas do LUNS 20 DE NOVIEMBRE.

COMO PARTICIPAR?

Pódese participar a nivel individual, ou en grupo de ata 3 persoas máximo, presentando por cada inscrición un **DOCE** adecuado para o tempo do OUTONO (castañas, mazás, noces, cabaza...), ou decorado con motivos alusivos a esta celebración.

Deberase acompañar da **receita** escrita en galego.

Se pola premura das datas non se puidera presentar o documento escrito coa receita da sobremesa, as persoas participantes comprométese a entregar este documento antes do remate da 1ª avaliación a un membro do Equipo de Dinamización do Galego.

CANDO SE ENTREGAN AS SOBREMESAS?

O día de presentación da sobremesa e a súa receita é o **MARTES 21 DE NOVIEMBRE**, facéndose a entrega na conserxería do CIFP, de acordo con este horario:

- Quenda de mañá: antes das 11:00 h.
- Quenda de tarde: antes das 18.30 h.

PREMIOS:

Establécese para cada quenda os seguintes premios:

- 1º premio: Cheque de 50€ para trocar por material didáctico.
- 2º premio: Cheque de 30€ para trocar por material didáctico.
- 3º premio: Cheque de 20€ para trocar por material didáctico.

XURADO E VOTACIÓNS:

O xurado estará composto por 5 membros da comunidade educativa do centro.

Darán a coñecer a súa resolución despois da cata de doces, ao remate do recreo, tanto na quenda de mañá como na da tarde.

O veredicto do xurado é inapelábel.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

EDLG do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto